

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Resolución do 23 de decembro de 2010, da Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se acorda pechar o prazo de presentación de solicitudes de incorporación de vivendas ao Programa Aluga, durante o primeiro cuadrimestre de 2011.

Antecedentes de feito.

1. O Programa Aluga, para o fomento do aluguer de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 84/2010, do 27 de maio, establece as condicións, características e posta á disposición das vivendas, así como o procedemento de incorporación para o seu posterior arrendamento no marco do programa.

2. Nestes momentos, o número de vivendas incorporadas sitúase en máis de 3.700, das cales máis de 300 están desocupadas e polo tanto susceptibles de cederse en arrendamento e, pola súa vez, existen arredor de 800 solicitudes en trámite de incorporación ao abeiro do disposto na disposición transitoria segunda do citado decreto. Aínda prevendo que non prosperen todas as solicitudes e que ao longo deste período se produzan baixas de vivendas actualmente no programa, estes datos reflicten que as vivendas incorporadas exceden o número estimado de acordo co marco orzamentario do Programa Aluga.

Fundamentos de dereito.

1. O Decreto 84/2010, do 27 de maio, regula o Programa Aluga para o fomento do aluguer de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia, dedicando o capítulo II do título I ao procedemento de incorporación de vivendas.

2. Concretamente, o artigo 13º.2 do Decreto 84/2010 establece que o prazo para a presentación de solicitudes de incorporación de vivendas estará aberto entre o día 1 e o 15 dos meses de xaneiro a novembro de cada ano, e prevé que por resolución do director/a xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) se poderá pechar o prazo en determinadas mensualidades por terse acadado o número de vivendas estimadas para a súa cesión en arrendamento nun determinado período ou nunha determinada anualidade.

En virtude do anterior, de conformidade co establecido no artigo 5º do Decreto 317/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo e en uso das facultades que me confire o artigo 13º.2 do Decreto 84/2010,

RESOLVO:

Primeiro.-Pechar o prazo para a presentación de solicitudes de incorporación de vivendas ao Programa Aluga durante as mensualidades de xaneiro a abril de 2011.

Segundo.-Poderá prorrogarse o período de peche do prazo de presentación de solicitudes mediante resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro.-Esta resolución producirá efectos desde o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2010.

Antonio José Boné Pina
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Orde do 27 de decembro de 2010 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso na categoría 31 (legoeiro/a) do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

De conformidade co establecido no Decreto 88/2008, do 30 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, esta consellería, no uso das competencias que lle atribúe o artigo 10 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia,

DISPÓN:

Convocar o proceso selectivo para o ingreso na categoría 31 (legoeiro/a) do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, con suxeición ás seguintes:

Bases da convocatoria.

I. Normas xerais.

I.1. O obxecto do proceso selectivo será a cobertura de vinte e sete (27) prazas para a categoría 31 (legoeiro/a) do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia polo sistema de acceso libre, polo procedemento de concurso-oposición.

O proceso selectivo constará, polo tanto, dunha fase de oposición e outra fase de concurso.

I.1.1. De conformidade coa disposición adicional sétima do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e co Decreto 88/2008, do 30 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal fun-